Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 7 de outubro de 2026

Anexos:

I. Convocatoria da CGIC do 07/10/2026
II. Asistentes á CGIC do 07/10/2026
III. Rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2024/2025)*
IV. Rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026)*
V. Rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2025/2026)*
VI. *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2025/2026)* correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*
VII. Rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares) correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026)*
VIII. Rexistros do procedemento *DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2025/2026:*
   a. *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
   b. *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.*

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida polo Presidente, Don José Santiago Pozo Antonio, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 2 de xullo de 2026 e extraordinaria celebrada o 22 de xullo de 2026.

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta sesión.
Apróbanse por asentimento e serán publicadas na web do centro:
http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/

2. Informe do Coordinador

- **Modificación (substancial) do título Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (MUXSA)**
  - ✓ **Antecedentes**:
    - 24/04/2025 Comisión de Calidade na que se validou a memoria e a documentación adicional requirida para a modificación da titulación.
    - 27/04/2026 a ACSUG emite informe provisional.
    - 18/05/2026 aprobación en Xunta de Escola da modificación da memoria de verificación e as alegacións ao informe provisional.

- ✓ **Novidades**:
  - 01/07/2026 Informe Final favorable da ACSUG á modificación do título.

➢ **Acreditación Institucional**

- ✓ Agárdase que o informe provisional chegue no mes de outubro.

➢ **Vicerreitoría de Docencia e Innovación Educativa**

- ✓ 27/07/2026. Reunión convocada polo novo Vicerreitor, Xabier Martínez Rolán, no Campus de Vigo, cos Directores/as e Decanos/as, Persoas coordinadoras de titulacións e de calidade dos centros, para presentarse e comentar as súas propostas e liñas prioritarias, así como escoitar suxestións.

➢ **Comunicacións coa UAP**

- ✓ 01/10/2026 Publicación no Portal de Transparencia dalgúns indicadores do curso 2025/2026: demanda de matrícula, ocupación e notas de corte.
- ✓ 06/10 Informan da publicación no Portal de Transparencia dunha corrección de erros no indicador *PRA. Prácticas externas* do curso 2024/2025: o ficheiro base de traballo tiña prácticas curriculares en fase "***Validación***" que non se poden compatibilizar.
- ✓ Situación dos indicadores pendentes (DOC, MER, FOR):
  - 23/07 – 17/09 Varias consultas a Raquel Gandón, Directora da Área de Calidade.
  - 21/09/2026 conversación telefónica con David Basalo, Coordinador da UAP, quen indica que incluíu a problemática dos cálculos dos indicadores pendentes nun informe sobre a situación e as necesidades da UAP que achegou sos novos vicerreitores implicados. Informa das reunións cos Vicerreitores e da posible creación dun grupo de traballo para o que solicita a nosa colaboración.

➢ **Enquisa de Satisfacción co TFG/TFM** (propia do centro, xestionada pola Área de Calidade, dirixida ás persoas egresadas no curso 2025/2026)

- ✓ 22-24/09 Obtención da poboación para a enquisa (Luis Prieto, técnico da Área de Calidade, e persoas coordinadoras das titulacións)
- ✓ 25/09 Posta en marcha da enquisa
- ✓ 02/10 Participación acadada na primeira semana

Titulación	Poboación	Participación
GEE	18	2 (11%)
GERME	5	1 (20%)
MUEM	4	1 (25%)
MUXSA	3	1 (33%)
Total	**30**	**5 (17%)**

➢ **Rexistros do SGIC - Curso 2025/2026**

Queda pendente a elaboración dos seguintes rexistros de centro e titulación:

- ✓ *R1 DO-0201 PDA:* subido recentemente á plataforma do SGIC
- ✓ *R2 DO-0201 POD:* pendente da obtención do arquivo en SIGMA

- ✓ *R1 DE-03 Informe de revisión do sistema pola dirección:* á espera dos indicadores non publicados no Portal de Transparencia
- ✓ *R2 DO-0102 Plan de melloras:* á espera do informe provisional da Acreditación Institucional por se procede incluír algunha mellora neste rexistro
- ✓ *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT:* próxima sesión da Comisión de Calidade (probablemente en novembro)
- ✓ *R3 DO-0101 Acta CC sobre modificación (substancial) titulación:* recolleuse a acta da Xunta de Escola extraordinaria do 18/05/26 na que se aprobou a modificación da memoria de verificación do MUXSA e as alegacións ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación substancial do plan de estudos do MUXSA, emitido pola ACSUG o 27 de abril de 2026. Finalmente, o 01/07/2026 a ACSUG emitiu o informe final favorable para a modificación da titulación.
- ✓ *R4 DO-0101 Acta CC sobre a acreditación dunha titulación:* pendente do informe provisional da Acreditación Institucional.

3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2024/2025)*.

O Presidente lembra que no centro se estableceu un indicador do programa estratéxico asociado ás titulacións: *I50-12 Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG/TFM*, que mide o grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG/TFM. Aclara que, para obter a información relativa ao indicador, se habilitou unha enquisa en colaboración coa Área de Calidade. A continuación amosa o informe da enquisa (ANEXO III) , que foi achegado con antelación, e o comenta brevemente incidindo na participación e nos resultados obtidos en cada titulación.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

Agradécese a Luis Prieto (Área de Calidade) a preparación e realización das enquisas e a compilación dos resultados e a Elena Alonso a colaboración na elaboración do informe.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026).

O Presidente amosa os informes de coordinación das dúas titulacións de grao e das dúas titulacións de máster (ANEXO IV), que foron achegados con antelación; indica a súa estrutura e contidos e salienta os seus principais aspectos.

Apróbanse, por asentimento, os informes de coordinación das catro titulacións.

O Presidente agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

5. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2025/2026)*.

O Presidente sinala que se fixo unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero considerouse máis axeitado continuar sen modificalo ata a implementación dun sistema eficiente de control da docencia na UVIGO. En relación a isto lembra que, dende o centro, se solicitou varias veces á universidade que o fixera mediante unha adaptación adecuada do sistema de rexistro de presencia mediante código QR (deseñado para a COVID), pero responderon que non é posible facelo agora. Á vista disto, decidiuse retomar no centro o sistema de control de docencia mediante follas de sinatura, con data o 1 de outubro.

En relación ao seguimento e control da docencia indica que, no curso 2025/2026, se rexistrou unha incidencia, provinte dunha QSP; amosa o documento (ANEXO V) e o comenta.

A comisión aproba por asentimento o rexistro.

6. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2025/2026)* correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*.

O Presidente sinala que o rexistro (ANEXO VI) recolle un resumo das actividades de promoción do centro desenvolvidas ao longo do curso pasado e das que xa se foi informando en Xunta de Escola a medida que se realizaron. Sinala que o informe foi elaborado por Raquel Pérez Orozco, responsable do Plan de Promoción das titulacións do centro, quen o comenta brevemente, salientando a valoración final e que case 5000 estudantes foron atendidos nos diferentes tipos de actividades.

O Presidente salienta a importancia que ten este traballo para as titulacións do centro e a súa influencia no aumento dos números de entrada obtido nos últimos cursos.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

O Presidente agradece a Raquel Pérez Orozco o traballo realizado e a súa dedicación á difusión do centro, e estende o agradecemento a todas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades de promoción das titulacións do centro.

7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026).

O Presidente amosa e comenta as listaxes correspondentes ás catro titulacións impartidas no centro (ANEXO VII) e os comenta brevemente.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros.

O Presidente agradece a Carmen Romo o traballo de recompilación realizado.

8. **Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2025/2026:**
   - ***R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado***
   - ***R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.***

O Presidente cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Relacións Internacionais, quen elaborou os documentos (ANEXO VIII) e sinala que o primeiro resume a mobilidade do alumnado do centro, incluíndo os programas Erasmus+ KA103, SICUE e ISEP, e o segundo recolle a mobilidade do estudantado alleo con docencia maioritaria nas titulacións impartidas neste centro, incluíndo os programas Erasmus+ KA103 e Erasmus KA171. O Presidente sinala que dende o centro se fará un esforzo para tentar aumentar estes números

Estudantado	Titulación	Curso 25/26	Curso 24/25	Curso 23/24
Propio	GEE	5	5	4
	GERME	1	3	0
	MUEM	1	0	1
	TOTAL	7	8	5
Alleo	GEE	2	5	2
	GERME	3	2	6
	MUEM	1	0	1
	TOTAL	6	7	9

A Comisión aproba por asentimento os dous rexistros do procedemento DO-0205.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo de orientación, planificación e elaboración dos plans docentes para a mobilidade do alumnado.

9. **Rogos e Preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 33 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo a sete de outubro de dous mil vinte e seis.

Vº e Prace
O Presidente

José Santiago Pozo Antonio

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión de Calidade do 07/10/2026

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-0f3a-28a7-3e24-5482-c049-d0db-f62e-b5e9 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 7 de outubro de 2026, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 2 de xullo de 2026 e extraordinaria celebrada o 22 de xullo de 2026.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2024/2025).*
4. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026).
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2025/2026).*
6. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2025/2026)* correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro.*
7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026).
8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2025/2026:
   - *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
   - *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.*
9. Rogos e Preguntas.

Vigo, 30 de setembro de 2026

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) *Indicacións:* *acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal* `lDLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Que-se-Ele)` *e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-0f3a-28a7-3e24-5482-c049-d0db-f62e-b5e9
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 30/09/2026 09:31 | Sin acción específica

ANEXO II

Asistentes á Comisión de Calidade do 07/10/2026

Asistentes á Comisión de Calidade do 7 de outubro de 2026	
José Santiago Pozo Antonio	Presidente / Director
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ignacio Pérez Rey	Calidade Máster EM
María Pazo Rodríguez	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Mª Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado

ANEXO III

Rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2024/2025)*

ANEXO IV

Rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026)

a) **Informe do GEE**
b) **Informe do GERME**
c) **Informe do MUEM**
d) **Informe do MUXSA**

ANEXO V

Rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2025/2026)*

ANEXO VI

Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2025/2026)
correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*

ANEXO VII

Rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares) correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2025/2026)*

a) **Listaxe do GEE**
b) **Listaxe do GERME**
c) **Listaxe do MUEM**
d) **Listaxe do MUXSA**

ANEXO VIII

Rexistros do procedemento *DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2025/2026:*

a) ***R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado***

b) ***R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo***